Concello de Ribeira

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 12 DE NOVEMBRO DO 2026.

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE **Membros que asisten:** POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	**Interventor:** BAO CASTRO PABLO **Secretario Xeral:** SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL **Membros que non asisten:**

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Doce de Novembro do Dous mil vinte e seis, reúnense os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES - XGL 27/08/2026

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 27/08/2026

_____

_____

2.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES - XGL 05/11/2026

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 05/11/2026

_____

_____

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202611/020

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 02/11/2026. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE "SUMINISTRO RADARES PEDAGÓGICOS""

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202611/049

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 04/11/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DE "MELLORA DA ENVOLVENTE DOS VESTIARIOS DO CAMPO DE FÚTBOL DE AGUIÑO""

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202611/100

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 05/11/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE MELLORA DO FIRME DO CAMIÑO LAXES – ALDEA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESARROLLO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA PAC 2023-2027 DE ESPAÑA"

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202611/107

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 05/11/2026. DECRETO: "DECLARACIÓN DE DESIERTA DE LA LICITACIÓN CONVOCADA PARA LA CONTRATACIÓN DE LA "MUSEALIZACIÓN DE LA EDIFICACIÓN ANEXA A NAVE DE CERQUEIRA COFINANCIADO EN UN 60% POR LA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DEL FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER) EN EL MARCO DEL PROGRAMA PLURIRREGIONAL DE ESPAÑA 2021-2027 DENTRO DE LA ESTRATEGIA DE DESARROLLO INTEGRADO LOCAL (PLAN EDIL), PAI RIBEIRA ATLÁNTICA 2030""

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202611/113

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/11/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "CONTRATACIÓN DE SERVICIOS ARTÍSTICOS ORGANIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS DE BALLET "EL CASCANUECES" Y "LA BELLA DURMIENTE""""

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202611/114

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/11/2026. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE "SUMINISTRO, INSTALACIÓN, CONFIGURACIÓN Y PUESTA EN MARCHA DE UN (1) MÓDULO DE APARCAMIENTO SEGURO E INTELIGENTE DE ESTACIONAMIENTO PARA BICICLETAS""

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202611/115

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 06/11/2026. DECRETO: "RESOLUCIÓN EXPEDIENTE DE IMPOSICIÓN PENALIDADES, POR CUMPRIMENTO DEFECTUOSO DO CONTRATO DE SERVIZO DE PROGRAMA DE PROMOCIÓNDA IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO. LOTE (2) PUNTOS VIOLETAS EN ESPAZOS FESTIVOS PARA A PREVENCIÓN E APOIO FRONTE A VIOLENCIA DE XÉNERO E SEXUAL"

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

22882 17.09.2026 FRANCISCO RAMOS HERMO, limpeza e pintado de vivenda, na rúa do Mestre Sans Ortega, 15-B, Aguiño. (2026 COMU000423)

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

24471 02.10.2026 CONCEPCIÓN MIRANDA LUSTRES, cambio de fiestras, na rúa Carlos Casares, nº 8, Ribeira.(2026 COMU000443)

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

25048 08.10.2026 EXPLOTACIONES TURÍSTICAS AS LAREIRAS, S.L., peche de parcela, no lugar de Graña, 44, Carreira. (2026 COMU000450)

Así mesmo, se lle informa que, segundo o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 09/11/2026, na súa conclusión e proposta indica que:
** Antes de empezar os traballos avisarase o servicio de urbanismo – Delineación para que comproben a alineación.*
** Según o Artigo 89: Viario e alienacións..... Alienacións mínimas: Cando non figuren nos planos de ordenación serán as seguintes:*
- Para vías de tipo I 10 m. o eixo.
- Para vías de tipo II 8 m. o eixo..
- Para vías de tipo III 6 m. o eixo.
- Para resto de vías 4 m. o eixo.
- Para camiños peonís 2 m. o eixo.
Estas alienacións tendrán carácter obrigatorio.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

23551 23.09.2026 JOSÉ MANUEL SEVILLA BAZ, peche de parcela, no lugar de Martín, 52, Ribeira. (2026 COMU000435)

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

1987 27.01.2026 DELMET INVERSIONES S.L., obras menores para compensar actos vandálicos e as entradas de auga, no lugar de Touro.(2026 COMU000017)

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PROXECTO DE EXECUCIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local comunicacións previas de proxecto de execución que se axustan e desenvolven ás determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza de obra, e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

27284 04.11.2026 ROBERTO ÁLVAREZ DIOS, presenta proxecto de execución en relación con licenza de obras nº37/26 (outorgada para a construcción de vivenda unifamiliar na rúa Celeiráns, nº 39, Aguiño). (2026_PREJ000009)

16.- LICENZA MUNICIPAL PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICIO EN ESTADO RUINOSO. LUGAR: RÚA DIEGO DELICADO, Nº 6, RIBEIRA. PROMOTORA: ATLANTICO NOROESTE PROMOVE, S.L.

VISTA a **solicitude** de **licenza urbanística** para **DEMOLICIÓN DE EDIFICIO EN ESTADO RUINOSO,** no lugar de **RÚA DIEGO DELICADO, Nº 6, RIBEIRA,** da que é promotora a entidade **ATLANTICO NOROESTE PROMOVE, S.L.**

VISTO o **informe** emitido polo **arquitecto municipal** o día **2 de novembro de 2026.**

VISTO o **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **3 de novembro de 2026** en relación á **fianza de 1.527,51 €.** para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa

ACREDITADO que o promotor o día **4 de novembro de 2026** depositou nas arcas municipais a **fianza de 1.527,51 €,** establecida pola enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa.

VISTO o informe emitido polo **técnico de administración xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con sinatura dixital o día **4 de novembro de 2026.**

VISTO o informe emitido polo **secretario xeral da Corporación** de data **5 de novembro de 2026**,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **ATLANTICO NOROESTE PROMOVE S.L**. **LICENZA DE OBRAS (Nº 46/26)** para **DEMOLICIÓN DE EDIFICIO RUINOSO** sito na Rúa Diego Delicado nº 6, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 0815605NH0101N, nos termos do Proxecto Técnico visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Galicia de data 22 de agosto de 2026 redactado por D Francisco A. Fragoso Pena, (arquitecto técnico).

*-Deberá adaptarse ás demáis determinacións impostas polo **arquitecto municipal** no seu **informe de data 2 de novembro de 2026.***

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra de demolición iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

-A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

-A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.

-Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.

-O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.

-Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

-Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.

-A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.

-A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.

-Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.

-As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.

-Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado

QUINTO:- Durante a execución da obra de demolición non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra de demolición adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.

-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.

-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.

-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

DÉCIMO:-**NOTIFICAR** o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

_____

_____

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

17.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA. LUGAR: LUGAR DE VICANSO, Nº 28, AGUIÑO. RIBEIRA. PROMOTOR: ALBERTO PARADA TORRES

VISTA a solicitude de **licenza urbanística** para **CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA, LUGAR DE VICANSO, Nº 28, AGUIÑO. RIBEIRA** da que é promotor **D. ALBERTO PARADA TORRES.**

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **21 de setembro de 2026.**

VISTO o **acta e plano de cesión** así como **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **14 de outubro de 2026** en relación á superficie de **19,32 m2 de cesión** a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, contemplando unha **fianza** para responder polos servicios urbanísticos a completar de **358,84 €.**

ACREDITADO que o **promotor** o día **29 de outubro de 2026** depositou nas arcas municipais a **fianza de 358,84 €** establecida pola enxeñeira municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa.

VISTO o **contrato de cesión** asinado o día **6 de novembro de 2026** por D. Alberto Parada Torres, polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **19,32 m²** para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o **informe** xurídico emitido con data **9 de novembro de 2026** polo **técnico de administración xeral** adscrito ao departamento de urbanismo.

VISTO o **informe** emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **10 de novembro de 2026**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D. Alberto Parada Torres LICENZA DE OBRAS (Nº47/26)** para **CONSTRUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** e **PLANTA PRIMEIRA** na Rúa Vicanso nº 28, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A02600509 e 15074A02601019, nos termos do Proxecto de Execución visado polo
Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos de día 12 de agosto de 2026 redactado por Dna. Sonia García González, (arquitecta col. nº 4.625), Resolución do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, co número de expediente XTC-2026- 1233.AUI, asinado dixitalmente pola xefa do Servizo de Patrimonio Cultural Dna. Rosario Fernández-Albalat Ruiz o 30 de xullo de 2026, Informe de suficiencia de servizos da empresa Viaqua concesionaria do servizo municipal de augas do Concello de Ribeira, asinado por D.Daniel Tubio o día 15 de setembro de 2026.

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

-Deberá adaptarse ás determinacións impostas polo arquitecto municipal no seu informe de data 21 de setembro de 2026.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscales y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizer os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmobles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de Eficiencia Enérxetica*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveles sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborarase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros productos ou materiais procedentes da construcción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución_obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

18.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN FIANZA/AVAL – UFD Distribución Eléctrica, S.A. (1)

Visto o escrito presentado por **UFD Distribución Eléctrica, S.A.**, de data 21/03/2025 (Rexistro de entrada nº 6.784), no que solicita a devolución de fianza/aval depositada como garantía de obras de urbanización e instalacións realizadas en Rúa Miguel Rodríguez Bautista, nº 31, Ribeira. Expediente 2020/COMU000372.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía landeira Pereira, de data 03/11/2026.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución da fianza/aval depositada por **UFD Distribución Eléctrica, S.A.** como garantía de obras de urbanización e instalacións realizadas en Rúa Miguel Rodríguez Bautista, nº 31, Ribeira. Expediente 2020/COMU000372, polo importe total de 780,00 € (540,00 € Aval e 240,00 € Fianza).

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

19.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN FIANZA/AVAL – UFD Distribución Eléctrica, S.A. (2)

Visto o escrito presentado por **UFD Distribución Eléctrica, S.A.**, de data 21/03/2025 (Rexistro de entrada nº 6.784), no que solicita a devolución de fianza/aval depositada como garantía de obras de urbanización e instalacións realizadas en Barrio Cerca, s/n (Rúa Celeiráns, nº 7), Aguiño (Ribeira). Expediente 2020/COMU000397.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía landeira Pereira, de data 03/11/2026.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución da fianza/aval depositada por **UFD Distribución Eléctrica, S.A.** como garantía de obras de urbanización e instalacións realizadas en Barrio Cerca, s/n (Rúa Celeiráns, nº 7), Aguiño (Ribeira). Expediente 2020/COMU000397, polo importe total de 1.040,00 € (720,00 € Aval e 320,00 € Fianza).

20.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN FIANZA/AVAL – UFD Distribución Eléctrica, S.A. (3)

Visto o escrito presentado por **UFD Distribución Eléctrica, S.A.**, de data 21/03/2025 (Rexistro de entrada nº 6.784), no que solicita a devolución de fianza/aval depositada como garantía de obras de urbanización e instalacións realizadas en Barrio Cerca, s/n (Rúa Celeiráns, nº 19), Aguiño (Ribeira). Expediente 2020/COMU000396.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía landeira Pereira, de data 03/11/2026.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución da fianza/aval depositada por **UFD Distribución Eléctrica, S.A.** como garantía de obras de urbanización e instalacións realizadas en Barrio Cerca, s/n (Rúa Celeiráns, nº 19), Aguiño (Ribeira). Expediente 2020/COMU000396, polo importe total de 1.885,00 € (1.305,00 € Aval e 580,00 € Fianza).

21.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á EXECUCIÓN DA SENTENZA 147/2026, PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 427/2024, DIMANANTE DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, EXP 2023/DISU00012

FEITOS IMPUTADOS: Execución de obras consistentes na execución dun peche de parcela de pedra sen o preceptivo título habilitante municipal.
CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Rústico de protección de Augas.
REFª CATASTRAL: 15074A011000740000KX.
SITUACIÓN: Lugar de Temperan. Carreira, Ribeira.
*INTERESADO/A - DENUNCIANTE: Sra. Mª Dolores Pena Paz, (DNI ***323***).*
*INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sra. Mª Dolores Agrafojo Paz, (DNI ***585***).*
INSTRUCTOR/A: Funcionario, Sr. José Martínez de Llano Orosa.

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN: A Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de outubro de 2025.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 13 de xuño de 2024 que resolve o expediente de reposición da legalidade urbanística 2023/DISU00012 co seguinte tenor literal:

"

(…)

PRIMEIRO.- *Declarar que as obras e actuacións realizadas pola interesada consistentes na execución dun peche de parcela de pedra sen o preceptivo título habilitante municipal no lindeiro sur da parcela 15074A011000740000KX que interrumpe e obstaculiza o tránsito do camiño identificado coa referencia catastral 15074A011090160000KY, e que consultado o Inventario Municipal de Bens e Dereitos pode comprobarse que o camiño correspóndese co nº 207 do epígrafe 132 correspondente aos camiños rurais e identificado como CAMIÑO BOUZÓN con natureza de dominio de uso público, de tal forma que, as ditas obras non son legalizables e segundo o art.152.3.a. da LSG procede acordar a demolición das obras realizadas, á custa da interesada.*

SEGUNDO.- *Ordenar á Sra. Mª Dolores Agrafojo Paz a demolición das obras realizadas consistentes na execución dun muro de peche de parcela duns 15 metros lineais con perpiaño de granito de tamaño irregular cunha altura duns 40-50 cm non contan co título habilitante municipal esixible, deixando libre o tránsito do camino, así como ao cese definitivo dos usos aos que desen lugar.*

A orde de demolición deberá ser executada no prazo de tres meses a contar desde a notificación da presente resolución, dando conta ao Concello de Riveira mediante comunicación previa.

TERCEIRO.- *Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento da orde de demolición no prazo sinalado procederase á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ao disposto polo artigo 152 da LSG.*

CUARTO.- *Poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das responsabilidades de orde penal en que pudieran incorrer os infractores, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.*

QUINTO.- *Notificar a presente resolución ás interesadas entendo como tal ao Sr. Sra. Mª Dolores Agrafojo Paz e á Sra. Mª Dolores Pena Paz.*

(…)
"

2º.- Vista a sentenza 147/2026 emitida o día 3 de xuño 2026 no Procedemento Abreviado nº 427/24 que falla co seguinte tenor literal:

"

(…)

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

DESESTIMAR *el recurso contencioso-administrativo interpuesto por Doña María Dolores Agrafojo Paz contra la Resolución dictada por la Junta de Gobierno Local en sesión de 13/06/2024 recaída en el expediente de reposición de la legalidad urbanística 2023/DISU00012*.

(…)
"

3º.- Visto o oficio emitido o día 14 de xullo 2026 no Procedemento Abreviado nº 427/24 que comunica ao Concello de Ribeira a firmeza da sentenza 147/2026 emitida o día 3 de xuño 2026 no Procedemento Abreviado nº 427/24 con seguinte tenor literal:

"
(…)

Adjunto remito certificación de la Sentencia de fecha 3 de junio de 2026 dictada en este recurso, que tiene el carácter de firme, debiendo acusar recibo en el plazo de ***DIEZ DIAS.***
En SANTIAGO DE COMPOSTELA, a catorce de julio de dos mil veintiséis.
EL/LA LETRADO/A DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

(…)
"

FEITOS PROBADOS

PRIMEIRO.- O departamento de urbanismo do Concello de Ribeira levou a cabo actuacións previas para coñecer as circunstacias do caso segundo o artigo 378 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e da investigación realizada resultan como probados os seguintes feitos:

Primeiro.- A Mª Dolores Agrafojo Paz, e a promotora da execución dun peche de parcela de pedra sen o preceptivo título habilitante municipal no lindeiro sur da parcela 15074A011000740000KX que interrumpe e obstaculiza o tránsito do camiño identificado coa referencia catastral 15074A011090160000KY, e que consultado o Inventario Municipal de Bens e Dereitos pode comprobarse que o camiño correspóndese co nº 207 do epígrafe 132 correspondente aos camiños rurais e identificado como CAMIÑO BOUZÓN con natureza de dominio de uso público.

Segundo.- As obras realizadas consistentes na execución dun muro de peche de parcela duns 15 metros lineais con perpiaño de granito de tamaño irregular cunha altura duns 40-50 cm non contan co título habilitante municipal esixible e son incompatibles coas determinacións do PXOM de Ribeira, polo que non son legalizables e segundo o art.152.3.a. da LSG procede acordar a demolición das obras realizadas na construcción do citado muro, á custa da interesada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Establece o artigo 152.1 da LSG que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exixible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Correspone ao Sr. Alcalde de Ribeira co acordo de suspensión adoptar as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

precintado, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de de cesación da actividade, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguentes acordos:

a) Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación definitiva dos mesmos.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantizar a executividade da resolución, sin perxuicio da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € cada unha.

RESOLUCIÓN

Polo anteriormente exposto dos antecedentes obrantes no expediente, e visto o Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira e que foi aprobado por acordo do Pleno con data 26 de febreiro de 2018, que contempla que o camiño correspóndese co nº 207 do epígrafe 132 correspondente aos camiños rurais e identificado como CAMIÑO BOUZÓN con natureza de dominio de uso público, visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 13 de xuño de 2024 que resolve o expediente de reposición da legalidade urbanística 2023/DISU00012, vista a sentenza 147/2026 emitida o día 3 de xuño 2026 no Procedemento Abreviado nº 427/24, visto o oficio emitido o día 14 de xullo 2026 no Procedemento Abreviado nº 427/24 que comunica ao Concello de Ribeira a firmeza da sentenza; e **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, de data 06/11/2026, co visto e prace do Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero de Valle, de data 10/11/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conunicarlle a continuación do procedemento da execución forzosa da sentencia 147/06 de data 3 de xuño de 2026 no P.A. 427/2024 da que se declarou a súa firmeza, a fin de que no prazo de dez días á Sra. Mª Dolores Agrafojo Paz proceda a dar cumprimento á sentenza nos seus estrictos termos executando a demolición do muro de peche de parcela duns 15 metros lineais con perpiaño de granito de tamaño irregular cunha altura duns 40-50 cm non contan co título habilitante municipal esixible, deixando libre o tránsito do camino, así como ao cese definitivo dos usos aos que desen lugar, dando conta do cumprimento ao Concello de Ribeira**.**

SEGUNDO.- Apercibir á Sra. Mª Dolores Agrafojo Paz de que no caso de incumprimento da orde de demolición no prazo sinalado, procederase á súa execución subsidiaria a súa custa ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado sin perxuicio de otras responsabilidades patrimoniais a que houbere lugar.

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

TERCEIRO.- Poñer os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das responsabilidades de orde penal en que pudieran incorrer os infractores, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ás interesadas entendo como tal ao Sr. Sra. Mª Dolores Agrafojo Paz e á Sra. Mª Dolores Pena Paz.

22.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Marcos Baldomero Fariña

Visto o escrito presentado por **Marcos Baldomero Fariña**, de data 30/10/2026 (Rexistro de entrada nº 26.892), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A008001780000KH.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 05/11/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitude de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600026892 do día 30 de outubro de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A008001780000KH, no seu plano 2.15 de Ordenación básica do territorio municipal, clasificación do solo e usos globais, sistema viario a escala 1/5.000, como solo urbanizable.

O PXOM de Ribeira non se atopa adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e segundo a DT1ª.2.b. da LSG, ao solo urbanizable delimitado, aplicaráselle o disposto na presente Lei para o solo urbanizable.

Segundo o artigo 28.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia "*os propietarios de solo clasificado coma urbanizable terán dereito a promover a súa transformación, solicitando ao Concello*

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

a aprobación do correspondente planeamento de desenvolvemento, de conformidade co establecido na presente lei e no plan xeral de ordenación municipal, ou proceder ao seu desenvolvemento se xa estivera ordenado directamente no plan xeral".

Segundo o artigo 28.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, "*No solo urbanizable, en tanto non se aprobe a correspondente ordenación detallada, non poderán realizarse construcións, salvo as que vaian a executarse mediante a redacción de plans especiais de infraestruturas e as de carácter provisional, nas condicións establecidas no artigo 89*"

O Plan Xeral, no seu artigo 145, define as condicións deste solo urbanizable, denominando o mesmo coma SUZ3, fixando as seguintes condicións:

DENOMINACIÓN:	Abesadas
SECTOR Nº:	S.U.Z. 3
INICIATIVA DO PLANEAMENTO:	Pública
FIGURA DE PLANEAMENTO:	Plan Parcial
ORDEN DE PRIORIDADE:	Segunda
SISTEMA DE ACTUACIÓN:	Cooperación
SUPERFICIE BRUTA DO SECTOR:	60.900 m^2
SUPERFICIE DO SECTOR:	60.900 m^2
SUPERFICIE NETA DO SECTOR:	51.828 m^2

DETERMINACIÓNS PARA O PLANEAMENTO

- Uso global:
- Sistemas xerais incluídos a efectos de planeamento:

Viario	9.072 m^2
Espazos libres	m^2
Equipamentos	m^2
TOTAL	m^2

- Sistemas xerais existentes no sector: m^2
- Intensidade de uso global medida sobre as áreas non ocupadas por sistemas xerais: 1 m^2/m^2
- Aproveitamento lucrativo máximo: 51.828 m2
- Densidade de referencia: viv/Ha
- Tipoloxía de edificación: Residencial colectivo
- Uso global excluínte: Industrial
- Usos compatibles: O resto

DETERMINACIÓN PARA A XESTIÓN E EXECUCIÓN

Aproveitamento tipo da área de reparto AR-3 do Solo Urbanizable cos solos de sistemas xerais incluídos ou adscritos aos sectores para a súa obtención, 0,85103 m^2_{etuc}/m^2_s.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela non conta con afeccións sectoriais.

23.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Benjamín Noya Abeleira

Visto o escrito presentado por **Benjamín Noya Abeleira**, de data 05/11/2026 (Rexistro de entrada nº 27.424), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3444542NH0134N, neste termo municipal.

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 06/11/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O **INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3444542NH0134N, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.**

24.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – PAC MIRABEN, S.L.

Visto o escrito presentado por **PAC MIRABEN, S.L.**, de data 10/11/2026 (Rexistro de entrada nº 27.808), no que solicita certificación urbanística en relación aos INMOBLES CON REFERENCIAS CATASTRAIS 3546411NH0134N0094WT e 3546411NH0134N0095EY, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 30/06/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-**OS INMOBLES CON REFERENCIAS CATASTRAIS 3546411NH0134N0094WT** e **3546411NH0134N0095EY, neste termo municipal non teñen pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.**

25.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

25327 13.10.2026 CANARIGAL FUERTEVENTURA, S.L., comunicación previa de primeira ocupación parcial de construción de edificio de vivendas na Avenida do Malecón, nº 69, Ribeira. (2026 LIC-000084)

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

26.- LICENZA DE AGRUPACIÓN- SEGREGACIÓN DE PARCELAS. PROMOTOR: FRANCISCO MANUEL CRUJEIRAS ROMERO. LUGAR: LUGAR DE XEBRE, Nº 2, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA

VISTA a solicitude de **licenza de agrupación e posterior segregación de parcelas con refª catastral nº 15074A921003970000UH e 15074A921004050000UP sitas no Lugar de Xebre nº 2, Castiñeiras, Ribeira, e da que é promotor D. Francisco Manuel Crujeiras Romero.**

VISTO o **acta e plano de cesión** asinado pola enxeñeira municipal o día **30 de outubro de 2026** en relación á superficie de **147,91 m²** de cesión a dominio e uso público en total dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento.

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **2 de novembro de 2026.**

VISTO o **contrato de cesión** asinado por D. Francisco Manuel Crujeiras Romero e D. Carlos Crujeiras Romero, o día **3 de novembro de 2026** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreo de **147,91 m²** en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o **informe xurídico** emitido con data **3 de novembro de 2026** polo **técnico de Administración xeral** adscrito ao Departamento Municipal de Urbanismo

VISTO o **informe xurídico** emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **5 de novembro de 2026**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B.**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presents, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO:- CONCEDER a **D. Francisco Manuel Crujeiras Romero** a **LICENZA DE AGRUPACIÓN E POSTERIOR SEGREGACIÓN DE PARCELAS (Nº 8/26)** con refª catastrais nº 15074A921003970000UH e 15074A921004050000UP sitas no Lugar de Xebre nº 2, Castiñeiras, Ribeira, nos termos do Proxecto modificado de agrupación e segregación de parcelas redactado polo arquitecto D. José Óscar Menor Tesouro con sinatura dixital de día 29 de outubro de 2026 así como Proforma de Escritura de agrupación e segregación de parcelas, con rexistro de entrada no concello de Ribeira o día 1 de novembro de 2026, (rexistro de entrada nº 26.902):

> ***-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS**: Segundo contrato de cesión asinado polos Sres. Francisco Manuel Crujeiras Romero e Carlos Crujeiras Romero, o día 3 de novembro de 2026 polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreo de 147,91 m2 en total para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.*

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

-SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubre, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDADE QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

-So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
-Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
-Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
-Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

27.- VAO PERMANENTE – Olga Fernández Vázquez

Visto o escrito presentado por **Olga Fernández Vázquez**, de data 04/11/2026 (Rexistro de entrada nº 27.289), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Camiño Rego do Areal, nº 3 B (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 09/11/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

a) **Conceder** a **Olga Fernández Vázquez**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Camiño Rego do Areal, nº 3 B (Palmeira), con reforzo de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

28.- VAO PERMANENTE (AMPLIACIÓN LIÑA AMARELA) – Comunidade de Propietarios de Garaxes Noro, 3 - Lagareu

Visto o escrito presentado por Francisco Rodríguez Rodríguez en representación de **Comunidade de Propietarios de Garaxes Noro, 3 - Lagareu**, de data 03/11/2026 (Rexistro de entrada nº 27.128), no que solicita unha revisión/ampliación de liña amarela nun metro (1 m.) da reserva de vao permanente Nº 11/01 para a entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Lagareu, nº 3 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 09/11/2026 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Conceder** a **Comunidade de Propietarios de Garaxes Noro, 3 - Lagareu**, autorización para a ampliación de liña amarela nun metro (1 m.) da reserva de vao permanente Nº 11/01 para a entrada ao garaxe do inmoble situado na Rúa Lagareu, nº 3 (Ribeira), resultando cunha **lonxitude total de 5 m.**, según o sinalado no citado informe policial.
- Deberá procederse ao pintado da correspondente **liña amarela.**
- Deberá **substituír a praca do vao** para que se reflicta a nova lonxitude autorizada (5 m.).
- Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar fixo e visible desde a vía pública.

29.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA LAJAREU POR BARLOVENTO (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e proposta de pagamento de subvención emitida polo Técnico de Deportes, Javier Sampedro Sampedro, de data 10/11/2026, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Deportiva Lajareu por Barlovento, para a promoción do deporte, en especial dos deportes náuticos.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/11/2026.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Cultural Deportiva Lajareu por Barlovento, para a promoción do deporte, en especial dos deportes náuticos, por importe de 2.000 €.

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

30.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DA ACTIVIDADE XVI RUTA BTT DO NADAL

Vista a **proposta de aprobación de prezos públicos** do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal Peón, de data 10/11/2026, no que no que solicita a aprobación de prezos públicos para a realización da actividade "XVI Ruta BTT do Nadal".

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e polo Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 10/11/2026.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1º.- **Establecer un prezo público de 10,00 €** por participante inscrito, en base a Ordenanza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía), establece que, *"A estes efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servizo ou Dependencia e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2204, deberán cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade a realizar." "Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes supostos deberán consignarse nos orzamentos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera."*

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servicios que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

31.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA (1)

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 06/11/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

"Recíbese solicitude de Juana Ermitas Crugeiras Vidal en nome da Asociación Amas de Casa de Ribeira, sede electrónica número 2026 25517 de data 15/10/2026, interesando dispor dun espazo do Centro Social-Cultural de Corrubedo para realizar unha actividade de Manualidades de Nadal.

Calendario:
Desde ó 03 de novembro ao 21 de decembro de 2026.
(Martes de cada semana de 3 de novembro ata ó luns 21 de decembro en horario de 17.30 a 20.00 horas).

CSV: 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07EA001DADE600J4B2H1G6A2S3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 12/11/2026
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 13/11/2026
CN=SELLO AEAD,2.5.4.97=VATES-Q2802923I,O=MINISTERIO DE TRANSFORMACION DIGITAL Y FUNCION PUBLICA,L=Madrid,C=ES - 13/11/2026 09:32:29

DOCUMENTO: 20261945062
Fecha: 13/11/2026
Hora: 09:32

